

Xoves, 18 de novembro de 2021

Núm. 223

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PONTEAREAS****Persoal, oposicións***DECRETO APROBANDO LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS COCIÑEIRO/A
AUXILIAR PERTENCENTE OPE 2017**Expediente: 1260/2021**LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS**CATEGORÍA: COCIÑEIRO/A AUXILIAR, PRAZA PERTENCENTE A OFERTA DE EMPREGO
PÚBLICO 2017 PROMOCIÓN INTERNA**DECRETO DE ALCALDÍA*

Vistas as bases e convocatoria para a provisión en propiedade de unha praza vacante de persoal laboral Cociñeiro/a auxiliar, mediante quenda de promoción interna, incluída na OEP do ano 2017, publicadas no BOPPO núm. 76, de 23 de abril de 2021.

Finalizado o prazo de presentación para emenda de defectos ou alegacións pola súa omisión na lista provisional

Esta Alcaldía ao abeiro das competencias da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

RESOLVE*Primeiro:* Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos.*Categoría:* Cociñeiro/a Auxiliar**ADMITIDOS**

APELIDOS	NOME	DNI
SÁNCHEZ DOMÍNGUEZ	Beatriz	***6125**

EXCLUIDOS:

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
_____	_____	_____	_____

Causas de exclusión:

1. Non ter presentado o documento acreditativo de identidade
2. Non ter acreditado a titulación mínima esixida



Xoves, 18 de novembro de 2021

Núm. 223

3. Non ter presentado o ANEXO I/ non ter asinado ou/e cumprimentado o anexo I da convocatoria

4. Presentación fora de prazo

5. Falta a debida acreditación de exención de taxa:

5.a Non ter presentado o certificado de non percibir prestación ou autorización asinada polo interesado permitindo o acceso aos datos necesarios para súa comprobación por parte do Departamento de Persoal.

5.b Non ter presentado o informe do período de inscrición no Servizo Público de Emprego.

6. Falta pago de taxa

Segundo: Aprobar o tribunal de selección, composto polos seguintes membros:

Presidenta: D^a. Lara María Castellano Fuentes e coma suplente D. José Antonio Rodríguez Diéguez.

Secretaria: D^a. Leticia Vivian García Ramos e como suplente D. Manuel Martínez Pérez

Vogais:

D^a. Basilia Carballido Ferreiro e como suplente D^a. Sara Fontenla Abilleira

D. Carlos Carballido Ferreiro e como suplente D^a. Laura Osorno Iglesias

D. Hector Pablo Lago Carrera e como suplente D^a Lorena Iglesias Gómez

TERCEIRO: Convócase ao Tribunal de Selección, segundo a base oitava das bases publicadas no BOP de Pontevedra o 23 de abril de 2021, para a sesión constitutiva, así como para a avaliación da fase de concurso, o día 09 de decembro de 2021, as 9.00h no Salón de Sesións da Casa Consistorial, sita na rúa A Xiralda, S/N Pontearreas.

CUARTO: Publicar este decreto no BOP e no taboleiro de edictos e na web municipal, ao abeiro do establecido na base oitava das bases da convocatoria

QUINTO: Contra o presente acto administrativo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou e no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa publicación no BOP de Pontevedra, ao abeiro do establecido nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo.

Pontearreas, documento asinado dixitalmente ao marxe.

A Alcaldesa

M^a Cristina Fernández Davila

